

INFORMACIÓN BÁSICA FUNCIONAMENTO P.A.I.

O seu labor céntrase na adquisición de rutinas e hábitos de desenvolvemento por parte dos nenos e nenas, así como a realización de actividades de lectura, música, obradoiros, murais, psicomotricidade, xogos, experiencias coa natureza...

Idade: de tres meses a tres anos.

Horario: 7.45 a 15.45 horas de luns a venres, agás festivos calendario laboral e festivos locais. O mes de agosto pecha.

Xornadas: media xornada (ata 4 horas), xornada completa (máis de 4 horas ata 8 horas). Non hai discriminación horaria.

Entrada e saída: os/as nenos/as deben entrar como hora máxima ás 10 horas da mañá. As saídas van desde as 12.30-13.00 horas para os que non comen no P.A.I. e a partir das 14 horas para os que quedan a comer.

Servizo de comidas: quéntase a comida que traen da casa, solicitando que se garde a cadea de frío.

Todos deben levar algo de merenda para a media mañá e un botellín de auga.

Hai que facer solicitud de praza e unha vez admitido/a faise a matrícula.

Hai unha taxa de matrícula de 30€ que deben abonar todas as persoas beneficiarias do P.A.I.

O prezo do coste do servizo do P.A.I. calcúlase en función dos ingresos da unidade familiar, segundo a Ordenanza Fiscal Reguladora. Abrangue desde a gratuidade ata 163,52€ da xornada completa.

O coste do servizo de comidas é de 15€ mensuais. Queda excluído a merenda e no caso dos bebés máis pequenos os biberóns.

Información: despacho da educadora familiar (Casa da Cultura), nos tefónos 981 817 605, 608 819 741 ou no correo pai@concellodabana.gal